



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 2º DE BACHARELATO

MATERIA: ECONOMÍA DA EMPRESA

DEPARTAMENTO: ECONOMÍA

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución:

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1: A empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. 	Distingue as formas xurídicas das empresas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	Identifica as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. 	Non se considera.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. 	Enumera e describe os elementos da empresa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. 	Identifica e describe, de forma sinxela, os tipos de empresas e de empresarios/as.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. 	Analiza os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas na esfera económica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. 	Analiza a actividade das empresas, comprendendo a súa creación de valor para a sociedade.
Bloque 2: Desenvolvemento da empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a 	Describe os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa.

transcendencia futura para a empresa desas decisións.	
▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	Valora e explica, de forma sinxela, o crecemento da empresa como estratexia competitiva.
▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	Explica, de forma sinxela, as estratexias de especialización e diversificación.
▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	Analiza as estratexias de crecemento interno e externo.
▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	Examina o papel das pequenas e das medianas empresas, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	Describe as características da empresa multinacional, e valora a súa importancia social e ambiental.
▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	Comprende e explica, de forma sinxela, o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa.
Bloque 3: Organización e dirección da empresa	
▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	Explica o concepto de división técnica do traballo.
▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	Describe a estrutura organizativa, as canles de información e de comunicación e a organización formal e informal da empresa.
▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e	Explica, de forma sinxela, a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e

comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. 	Comprende as distintas formas de organización nas empresas e identifica vantaxes e inconvenientes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. 	Non se considera.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. 	Analiza diferentes maneiras de abordar a xestión dos RRHH e a súa relación coa motivación.
Bloque 4: A función produtiva	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. 	Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta, de forma sinxela, os resultados obtidos, coñecendo medios de mellora da produtividade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. 	Non se considera.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. 	Explica, de forma sinxela, a importancia para a empresa da innovación tecnolóxica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, interpreta os resultados de forma sinxela.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. 	Calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de 	Calcula o limiar de vendas (de

rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	rendibilidade).
▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	Non se considera.
▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.
▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.
▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	Explica, de forma sinxela, a relación entre o control de inventarios e a eficiencia nunha empresa.
Bloque 5: A función comercial da empresa	
▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	Identifica e define, de forma sinxela, os diferentes mercados.
▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	Non se considera.
▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	Non se considera.
▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	Explica, de forma sinxela, as fases e as etapas da investigación de mercados.
▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	Explica, de forma sinxela, as estratexias de segmentación de mercados.
▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	Explica, de forma sinxela, as oportunidades de transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.
▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	Define as funcións do departamento comercial da empresa.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. 	Non se considera.
Bloque 6. A información na empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. 	Define e explica os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. 	Identifica e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. 	Explica, de forma sinxela, a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. 	Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial e na solvencia da empresa, mediante a utilización de rateos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. 	Explica, de forma sinxela, medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. 	Recoñece a importancia das operacións matemáticas como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. 	Recoñece a necesidade do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. 	Valora a importancia da información na toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. 	Calcula o resultado do exercicio económico da empresa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. 	Identifica e clasifica os elementos do resultado da empresa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das 	Identifica as obrigas fiscais das empresas, de forma xeral.

empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	
▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	Describe o funcionamento básico dos impostos.
▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	Valora positivamente a achega que supón a carga impositiva que soportan as empresas.
Bloque 7. A función financeira	
▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	Explica, de forma sinxela, os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar investimentos.
▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.
▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo.
▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles.
▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	Explica, de forma sinxela, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.
▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	Enumera e explica, de forma sinxela, as fontes externas e internas de financiamento da empresa.
▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	Non se considera.
▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de	Non se considera.

supostos.	
▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	Enumera e describe, de forma sinxela, os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.
▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	Non se considera.

2. Criterios de cualificación:

- Docencia presencial:

A nota global de cada avaliación conformarase nun 90% coa nota das probas escritas/orais (exames) efectuadas. O restante 10 % corresponderase con: o traballo realizado nas clases e os traballos/exercicios que o alumnado terá que desenvolver por si só ou en grupos sobre os contidos vistos na clase. A nota no apartado do 90% será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas/orais, ponderadas, no seu caso, segundo o número de temas que abarcou cada unha.

Redondeo (soamente para o boletín de notas): cando a nota global resultante na avaliación tivera decimais, se aproximará ao número enteiro superior se os decimais fosen superiores a medio punto, e ao número enteiro inferior se fosen de medio punto ou non o excederan. A única excepción será cando esta nota global esté entre 4 e 5 puntos: aquí, redondearase ao 4, posto que o alumno non acada o 5 mínimo para aprobar.

Será necesario acadar unha nota dun mínimo de 5 puntos, sobre 10, en cada avaliación para aprobala. No caso de que o alumno non acade un 5 no computo global da súa nota, terá que facer a recuperación, ao finalizar o trimestre, de toda a materia impartida na avaliación cos mesmos criterios de cualificación.

Se o alumno acada un 5, ou nota superior, na recuperación, terá a avaliación aprobada; se non acada o 5, estará suspensa. A primeira e a segunda avaliación terán a súa oportunidade de recuperación na seguinte avaliación. A terceira avaliación terá a súa oportunidade de recuperación na avaliación final ordinaria.

O alumno deberá ter superadas cun 5, ou nota superior, as tres avaliacións para aprobar o curso. De non terse superado algunha avaliación, o alumno deberá acudir a avaliación final ordinaria para recuperala.

Solo se calculará a nota media final do curso coas notas obtidas nas tres avaliacións, por

separado, se estas notas aparecen todas cun 5, ou nota superior, no boletín de notas. Esta nota media final do curso calcularase facendo a media aritmética das tres notas globais, sen redondeos, de cada avaliación e será sempre dun 5 ou superior.

Na avaliación final ordinaria, farase un exame por cada unha das avaliacións (completas, non de parte das mesmas) que o alumno teña pendentes de superar. Será preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das avaliacións das que o alumnado se esté a examinar. Se non se chegase a esta nota en cada unha, a materia quedaría suspensa, quedando como última oportunidade a avaliación extraordinaria. Poderá ser requisito imprescindible para aprobar a presentación de determinadas actividades (escritas ou en soporte informático) non realizadas ao longo do curso, cuestión que lle será indicado ao alumnado afectado con antelación.

Na avaliación extraordinaria, farase unha proba escrita da totalidade da materia, sendo preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10.

- Docencia semipresencial:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

A parte teórica e expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica, telemáticamente.

O traballo telemático consistirá en exercicios (prácticos ou teóricos), que se resolverán nas propias conexións telemáticas, e resolución de dúbidas. Realizarase mediante videoconferencia (con programa Webex, preferentemente, ou similar) e, de ser o caso, mediante correo electrónico.

O alumnado poderá consultar o avanzado nas clases a través da aula virtual do centro.

Os exames faranse presencialmente sempre que sexa posible. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse mediante videoconferencia, debéndose usar a videocámara en todo momento, utilizando Webex ou programa de videoconferencia similar. De non ser posible este uso da videocámara, o exame farase por calquera medio que permita a visualización e escoita do alumnado: videochamada de WhatsApp, etc.

Se o día pactado de exame, a conexión da videocámara non fose posible, o exame realizarase noutro día/hora que determinará o profesor, ata ser posible a conexión con visualización do alumnado. De ser imposible esta conexión dentro da avaliación correspondente, o alumnado que non puidera ser así avaliado, levará un “non presentado”

na avaliación e faráselle o exame na seguinte avaliación (presencial, sempre que sexa posible).

Este exames con videocámara poderán ser orais (preferentemente) ou escritos, seguindo as indicacións que dará o profesor sobre a realización dos mesmos. Poderanse acordar co alumnado sesións telemáticas ou vía telefónica, previas aos exames, para explicarlle as normas que rexeran neste exames con videocámara.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxa novas instrucións por parte da Consellería de Educación.

- Docencia telemática:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, seguiranse as instrucións que a Dirección do centro remita ao docente. Preferentemente, empregarase a videoconferencia, a aula virtual e o correo electrónico para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Para avaliar o alumnado, se é posible, faránse as probas de modo presencial. De non ser posible, os exames telemáticos faranse según o procedemento descrito no apartado de "Docencia semipresencial".

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxan novas instrucións por parte da Consellería de Educación.